Obradoiro Facer e mover. Danza e creación.

con Janet Novás

Organizado por:

fundación sgae

Co apoio de

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2027 CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

DESTINATARIOS:

Dirixido a coreógrafos/as, bailaríns/as, performers, persoas interesadas na creación e nas artes do movemento con coñecementos de danza.

PROGRAMA e OBJETIVOS:

Neste laboratorio espérase compartir a práctica que Janet Novás desenvolveu como bailarina e performer ao longo de todos estes anos, a través das súas creacións e colaboracións con artistas doutras disciplinas, como a música, a moda ou o cinema.

A coreógrafa desde a práctica da danza entende o corpo como un lugar arqueolóxico, contedor doutros corpos, e o movemento como a ferramenta que utilizamos para desenterrar as súas capas máis profundas. O método que emprega para esta investigación é a improvisación guiada desde diferentes lugares.

Neste obradoiro, propón un proceso de escavación a través de distintas fisicalidades para coñecer os materiais que o compoñen: ósos, músculos, fascias, substancias, imaxinarios, sons, ideas, crenzas, emocións, sensacións e toda a sabedoría encarnada. Traballarase a mirada, a pausa, a escoita e a voz como extremidade invisible, entendendo a independencia

das articulacións e as súas conexións. Explorarase o corpo como caixa de resonancia e a súa capacidade para ficcionar, expandirse e reinventarse.
Para afondar dun xeito máis consciente neste traballo, centrarase en catro corpos: físico, enerxético, emocional e sonoro. A través do xogo, romperanse patróns e abriranse novas posibilidades que conviden a crear outras leis que respondan ás necesidades e intereses das persoas participantes.

O obxectivo principal deste obradoiro é espertar a necesidade de descubrir, curiosear, gozar e arriscar sen medo ao erro nin á idea do fracaso.

Achegarse desde a humildade a un coñecemento maior. Escoitar esa voz interna que nos aproxima ao que somos, máis alá do que cremos ser, e converterse en canle.
Unha viaxe introspectiva para medrar e abrirse, para habitar o non saber que sabemos sen medo.

Tal e como dicía Patti Smith no seu documental *Dreams of Life*:

A miña misión é comunicar,
espertar a xente,
transmitirlles a miña enerxía e aceptar a súa.
Estamos todos unidos
e eu respondo emocionalmente como unha traballadora, unha nai,
unha artista, un ser humano cunha voz.
Todos temos unha voz.
Temos a responsabilidade de exercitala, de empregala.

PONENTE:

Janet Novás.

Janet Novás. Bailarina, actriz e docente, recoñecida cos principais galardóns da danza en España, entre eles o Premio Nacional de Danza (2025), o Premio Ojo Crítico de RNE (2021), o Premio da Crítica de Cataluña (2021) á mellor bailarina e o Premio Injuve (2011) pola súa creación *Cara pintada*.
Formada en danza contemporánea entre Madrid, Bruxelas, Berlín e Viena, en 2008 comezou a desenvolver os seus propios proxectos de danza e performance, dando lugar a unha práctica artística centrada na experimentación, na investigación do corpo e na creación escénica.
As súas obras presentáronse en prestixiosos festivais nacionais e internacionais como os *Rencontres Chorégraphiques*, o *Festival de Marseille*, o *Festival Nouvelles-Pole Sud*, o *Cement Festival*, o *FIDCU* (Montevideo), o *Mercat de les Flors*, o Centro Cultural Conde Duque ou o Festival de Outono, entre outros.

Foi seleccionada como artista residente en El Graner Fàbrica de Creació (Cataluña, 2022-2023), onde desenvolveu a súa última produción, *Proto (SN1806)*.

Como coreógrafa, dirixiu a parte de movemento da Gala dos Premios Max 2014 e dos Premios Mestre Mateo (Galicia), e colaborou con artistas doutras disciplinas, como a cantante e compositora Mercedes Peón na peza *Mercedes máis eu*, ou coas deseñadoras de moda Zap & Buj en *Imaxinei cinco corpos e ningún era o meu*, unha produción de *Veranos de la Villa* (2019).

No ámbito cinematográfico, debutou en 2023 como protagonista da película *O Corno*, de Jaione Camborda, galardoada coa Cuncha de Ouro no Festival de San Sebastián, pola que recibiu o Premio Goya á Mellor Actriz Revelación.

Recentemente rodou *Harta*, de Julia de Paz, e *Romería*, de Carla Simón, seleccionada na Sección Oficial do Festival de Cannes.
Janet Novás compaxina o seu labor como bailarina, creadora e actriz coa docencia, impartindo clases e obradoiros en diferentes centros de España, Europa, Latinoamérica e Asia.

DATAS, HORARIO e LUGAR DE IMPARTICIÓN:

Datas:
20, 21 e 22 de novembro 2026

Horario:
Venres 20 de novembro de 16:30h a 20:30h
Sábado 21 de novembro de 10.00 a 14.00h
Domingo 22 de novembro de 10.00 a 14.00h

Prazo de inscripción ata esgotar prazas

Lugar: Sede SGAE Santiago de Compostela.
Salvadas 2. A Parque Vista Alegre. 15705 Santiago de Compostela

Duración: 12 horas
Prazas limitadas

Matrículas (IVE incluído):

	Socios SGAE	Antigos alumnos	Novos alumnos
Custe do curso	30€	60€	80€

SELECCIÓN DOS ALUMNOS:

Selección dos alumnos:

 As socias e os socios da SGAE terán prioridade fronte outras persoas interesadas en caso de lista de espera.

Admitiranse inscricións ata completar as prazas ou ata o 18 de novembro, a través do correo electrónico pblanco@fundacionsgae.org, indicando no asunto da mensaxe o nome do obradoiro no que se quere inscribir.

Prazas limitadas.

A realización do obradoiro estará condicionada á existencia dun número mínimo de inscricións.

INFORMACIÓN:

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Patricia Blanco
pblanco@fundacionsgae.org

www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

NOTA: A **Fundación SGAE** resérvase o dereito de modificar calquera aspecto do programa se as circunstancias o requiren.